

## PROPOSTAS DE METAS PLEA PARA PRIMARIA

### LECTURA

1. Adéstrase a conciencia fonolóxica.
2. Existe un tempo diario de lectura libre.
3. Trabállase a fluidez lectora en distintos soportes e linguas.
4. Existe un ensino explícito ou mixto de vocabulario.
5. Promóvese a realización de inferencias sinxelas e o recoñecemento da intención comunicativa dos textos.
6. Trabállanse distintas estruturas textuais.
7. Empréganse estratexias variadas para axudar á comprensión dos textos.
8. Os textos adáptanse ás dificultades do alumnado.
9. Existe un traballo equilibrado entre lectura e escritura.
10. ...

## ESCRITURA

1. Existe un traballo equilibrado entre lectura e escritura.
2. O profesorado diseña propostas de escritura variadas e motivadoras que favorecen a creatividade.
3. Proponse ao alumnado diversas actividades sinxelas de escritura: resposta a preguntas, esquemas, resumos, mapas conceptuais, notas previas, textos con sentido de diferentes tipoloxías...
4. Ofrécense modelos para traballar as diferentes tipoloxías textuais.
5. Existe un reparto das tipoloxías textuais por ciclos.
6. Trabállase o uso de conectores sinxelos para dar cohesión ao texto.
7. Existe un consenso no centro respecto ás normas básicas de presentación das tarefas escritas.
8. Ensínase a revisar os textos para mellorar a corrección ortográfica, a coherencia e a adecuación ao rexistro.
9. ...

## ACCESO Á INFORMACIÓN

1. O profesorado promove o interese por tarefas de investigación vinculadas aos proxectos do centro e da aula.
2. Empréganse os recursos e espazos da biblioteca escolar nas actividades de investigación.
3. Ensínase a localizar información básica en textos, imaxes, títulos, índices e subtítulos.
4. Apréndese ao alumnado a interrogar aos buscadores con palabras clave nas tarefas de busca de información.
5. Favorécese a integración de información de dúas ou máis fontes nun mesmo traballo.
6. Proponse a comunicación da información mediante producións orais, escritas ou dixitais.
7. O profesorado promove un achegamento crítico e seguro ás fontes de información: valoración da fiabilidade e actualidade das fontes, uso ético da información e da propiedade intelectual...
8. Existe un consenso no centro sobre como elaborar as tarefas de investigación e as exposicións orais.
9. Foméntase a autorreflexión do alumnado sobre os procesos de aprendizaxe desenvolvidos (lectura, escritura, acceso á información...)
10. ...